

## Celebración dos primeiros exercicios dos:

**PROCESOS SELECTIVOS PARA O INGRESO NA ESCALA DE AUXILIAR DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, SUBGRUPO C2, NAS ESPECIALIDADES DE EMISORISTA/VIXILANTE FIXO/A, BOMBEIRO FORESTAL-CONDUTOR MOTOBOMBA E BOMBEIRO FORESTAL, DO CORPO DE AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

A Xunta de Galicia ten previsto publicar nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia* as convocatorias do primeiro exercicio das seguintes especialidades da escala de auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais:

Proceso selectivo	DOG convocatoria proceso selectivo	Data do 1º exercicio	Prazas	Aspirantes	Hora de chamamento	Lugar
C2 – Bombeiro Forestal – Condutor Motobomba	04.03.2019	27.11.2021	80	2.004	9.30 h	Silleda
C2 – Emisorista / Vixilante fixo/a	04.03.2019	27.11.2021	75	2.782	16.30 h	Silleda
C2 – Bombeiro Forestal	04.03.2019	28.11.2021	114	3.807	9:30 h	Silleda

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Ademais, en todo momento, seguiranse as indicacións establecidas no Protocolo de actuacións orixinados pola COVID-19 para a celebración das probas dos procesos selectivos das OPE da Administración autonómica de Galicia, publicadas na web de Función Pública, autorizados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, dependente da Consellería de Sanidade.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2021